



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN +34 PARA Á
ATENCIÓN DAS PERSOAS GALEGAS QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE
PRIVACIÓN DE LIBERTADE NO EXTERIOR E ESPECIAL NECESIDADE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación + 34 o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de agosto de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación +34, para contribuír na mellora da situación das persoas galegas que se atopen en situación de especial necesidade por causa de privación de liberdade no exterior.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (OACNUDH) ten denunciado unha preocupante situación de morte e violencia nas cárceres de determinados países.

Por outra parte, o Valedor do Pobo do Estado español, ten solicitado as administracións competentes que se atenda as persoas que se atopan en grave risco por estar en situación





de privación de liberdade en países nos que non se asegure unhas condicións de respecto dos niveis mínimos dos dereitos humanos para estes colectivos.

Esta situación reflicte un patrón alarmante en determinados países de Iberoamérica, nos que as deficiencias dos sistemas xurídicos e penitenciarios, ocasionan graves situacións as persoas que se ven sometidas a condicións precarias de detención, de violencia nas cárceres e precariedade, incluíndo a falta de acceso a servizos básicos, tales coma o espazo, a auga potable, os alimentos, a atención médica ou xurídica e a falta dos estándares básicos de saneamento e hixiene.

Outros problemas cos que se atopa este colectivo son os da dificultade de resolver a súa situación xurídica que posibilite a súa repatriación para o cumprimento de condenas en España ou os da soidade e a falta de noticias da súa terra e en algúns casos, das súas familias, dado que se atopan en situación de desaparición “voluntaria”, para evitar que os seus familiares e os seus achegados coñezan o seu estado.

Do colectivo de persoas de nacionalidade española en situación de privación de liberdade en terceiros países, 55 son galegas, das que 27 están recluídas e cumpren condena en Perú, Colombia, Brasil, México e Venezuela, na súa maioría deles vivindo en situación extrema.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar con entidades públicas ou privadas para favorecer as condicións físicas e psicolóxicas destas persoas nos países onde a situación é máis deficiente.

A Fundación +34 é unha organización privada, de natureza fundacional, de carácter social e benéfica sen ánimo de lucro, e entre os seus fins se atopa a axuda humanitaria e defensa dos dereitos dos presos españois no estranxeiro así como a axuda aos españois en situación de desamparo e abandono.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose





no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio ao colectivo dos emigrantes galegos presos, residentes nas cárceres de Iberoamérica, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de xullo de 2016.

